

## COMUNICACIÓN Á COMUNIDADE ESCOLAR DO CALENDARIO ELECTORAL

En cumprimento do establecido no Decreto 92/1988 do 28 abril (DOG do 29) e demais disposicións vixentes da Consellería de Educación, ábrese un novo proceso electoral para a renovación parcial dos membros do Consello Escolar, órgano colexiado de participación e goberno do Centro, con representación dos distintos sectores que constitúen a comunidade educativa (pais/nais, profesorado, persoal de administración e servizos, Concello e ANPA)

A organización e supervisión deste proceso electoral está a cargo da Xunta Electoral, presidida pola Directora e integrada por unha nai/pai, unha profesora, e un representante do persoal de administración e servizos, elixidos por sorteo público realizado o día 25 de outubro.

Nestas eleccións corresponde renovar dous representantes do profesorado, tres representantes dos pais/nais (un deles elixido pola ANPA. Na elección correspondente ao sector de pais/nais **só se poderá marcar a dous candidatos ou candidatas** dos que figuren na papeleta de votación. Terán dereito a voto tanto o pai como a nai do alumno/a, ou de ser o caso o seu titor legal.

O Calendario Electoral, do que se achega un resumo, está exposto no taboleiro de anuncios do Centro.

O colexio ofreceralles toda a información que demanden e porá a disposición das candidaturas os locais que precisen para a celebración dos seus actos electorais, previa comunicación escrita á Xunta Electoral a efectos de coordinación.

### RESUME DO CALENDARIO ELECTORAL

- Exposición pública dos censos:** día 08. **Reclamacións** ata as 14 horas do 15 de novembro.
- Prazo de presentación de candidaturas:** dende o día 08 ata o día 15 de novembro as 14 horas. Recoller o modelo para a presentación da candidatura na secretaría do centro.
- Proclamación de candidatos:** día 16 de novembro. **Reclamacións** os días 17 e 18 de novembro.
- Votacións:** día 23 de novembro no seguinte horario: 8:45-9:15 e de 13:45-14:15 Tarde de 16:00-16:30 horas
- Proclamación de candidatos electos** día 30 de novembro

Dada a importancia das competencias do Consello Escolar como órgano colexiado de control e goberno do Centro (elección de director/a, aprobación do proxecto educativo, regulamento de réxime interior, programación xeral anual, orzamentos, valoración do funcionamento do centro .....), non quixera rematar sen convidalos a que presenten a súa candidatura ou ben voten a que mellor lles pareza entre as presentadas.

Vigo, 2 de novembro de 2021  
A directora

.....